







Cando petan na porta pola noite

Xabier P. Docampo

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *Cando petan na porta pola noite*
Autor: Xabier P. Docampo
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 96
ISBN: 84-8302-555-8



O AUTOR

XABIER P. DOCAMPO

2

Nace en Rábade en 1946. Mestre involucrado en movementos de renovación pedagóxica. Coautor de libros de texto. Formou parte do colectivo Canles de Edicións Xerais de Galicia, galardoado co Premio Emilia Pardo Bazán que o MEC concede para premiar o material docente que mellor presente unha sociedade non sexista. Formou parte do equipo inicial de Preescolar na casa.

Participou activamente na creación da Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil, da cal foi presidente. Dinamizador a favor da cultura galega en diferentes ámbitos de actuación: como actor de teatro, autor de guións para cine e televisión ou director de programas de radio. Ten excepcionais condicións de narrador oral, que o converte nun eficaz e popular contador de contos.

En 1989 recibiu o premio que anualmente outorga a agrupación de libeiros da Coruña para destacar o conxunto da súa obra. Tamén conta co Premio Rañolas 1994 á mellor obra de literatura infantil e xuvenil por *Cando petan na porta pola noite*, pola que tamén recibe o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995 e foi incluído na Lista de Honor do IBBY.

Está considerado como un dos grandes renovadores da literatura infantil e xuvenil galega, á cal incorporou a milleiros de lectores con éxitos de vendas como *O misterio das badaladas*.

Outras obras deste autor: *Cun ollo aberto e outro sen pechar*, *A chave das noces*, *O armario novo de Rubén*, *A nena de auga e o príncipe de lume*, *O país durminte*, *Un conto de tres noites*, *Bolboretas*, *A casa da luz*, *Os ollos de Ramón*, *Catro cartas*, *O home que inventou unha maneira de andar*, *O pazo baleiro*, *Nube de neve...*





O LIBRO

Logo dunha reflexión inicial do autor sobre o gusto pola narración oral, que inclúe o recoñecemento a seu pai como gran contador de historias, reúnense catro historias de medo co desexo de que o lector sexa tamén dono do seu propio medo e as faga súas, para contalas, a xeito de transmisor oral, continuando o fío da literatura tradicional popular.

«O espello do viaxeiro»

Un home volve á casa familiar logo de sete anos de andar polo mundo, para facerse cargo da herdanza dos seus pais mortos. Perdido na noite, vai dar a unha ferraría, onde só está o dono, que é fisicamente igual a el salvo que non ten a pálpebra do ollo esquerdo. O que sucede ao longo desa noite obrigará ao viaxeiro a ocupar o lugar do ferreiro.

«O Fornadas»

Contado a modo de sucedido, a partir dunha conversa do narrador co pai, incorporando recursos propios da tradición popular. Tres das vítimas dunha vella moi ruín decidiron darlle un escarmento e acabaron matándoa a golpes. Cando foron queimar o seu corpo a un forno abandonado, nun momento dado incorporouse, anunciando que se vingaría. A súa vinganza será máis cruel do que imaxinar poidamos.

«A loba»

Silvestre levou a moza á Coruña para desfacer o fillo que el axudara a facer. E logo casou con outra. O día da voda, a primeira moza foille dicir que lle debía un fillo. Logo, enforcouse, o crego non a deixou soterrar no camposanto, os lobos abriron o cadaleito e alí so quedou a mortalla rabuñada e desfeita. Tempo despois aparece convertida na xefa dunha manda de lobos terribles, que os homes non daban matado. Desa maneira volve buscar o fillo de Silvestre; el prenderalle lume a un palleiro para queimala a ela e morrerán os tres.

«O cumpremortes»

A un home que vive só chegoulle un día unha carta en sobre de loito felicitándolle polo cumpremortes, pois un día como aquel había de morrer. Cada vez na mesma data, ata que lle avisa que este é o último. Buscando evitar que se cumprise a súa morte, escapou para outra cidade, sen deixar rastro. Paga por adiantado, escapa da pensión na que está, vaise durmir a outra, logo sae á rúa para non quedar esperando e atopa a unha muller. Ela confésalle que era aquela a quen lle foi dado saber que ía morrer en tal día coma hoxe e comunicoullo, pero non sempre se atina, non con aqueles que usan da liberdade para tomar a vida e o propio destino opoñéndose ao que estaba ditado, porque os homes que actúan como tales invéntano e escríbeno eles mesmos.


Este libro obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil 1995.



TEMAS E VALORES

- Misterio e terror. O relato deste xénero ocupando un lugar sobranceiro, definindo unha ambientación, un espazo de xogo e emocións.
- A vida no mundo rural. As narracións están situadas maioritariamente no rural, neses lugares onde o misterio ten cabida plena, moitas veces ocupando o tempo da noite cando o medo chama á porta.
- A tradición na literatura oral galega. Os contos de medo son un xénero moi abundante nos relatos populares, aqueles que se contaban á beira da lareira nas noites de inverno cando nin a televisión nin a radio acompañaban con imaxes ou voces. Contos que teñen unha maneira especial de ser contados para que a concorrencia poida crelos e, á súa vez, contalos noutra reunión.
- A hospitalidade no mundo rural. Viaxar de noite, ver unha luz ao lonxe e poder petar nesa porta para pasar a noite son vestixios dun pasado no cal a hospitalidade era a garantía da supervivencia.

4



ACTIVIDADES

ANTES DA LECTURA:

- O título debe ser suficiente para espertar unha serie de evocacións acerca da historia ou historias das que pode tratar este libro. A fotografía da portada e o texto que ocupa a contraportada irán ampliando as nosas expectativas.
- A anotación de que o libro obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil 1995 fará que falemos destes premios, de quen os concede, do difícil que será conseguilos... Polo tanto, estaremos xa conscientemente ante unha obra de calidade.
- Podemos falar do autor, doutras obras que lésemos del, dos datos que temos sobre el e dos que conseguimos lendo o apartado «O autor» do libro.
- Tamén podemos falar da colección, revisando os últimos títulos publicados que aparecen no apartado final. Lembraremos aqueles que alguén lese e dos que irá achegando a súa opinión.

AO LONGO DA LECTURA:

- Lemos a dedicatoria, que nos proporciona información relacionada co autor. Tamén pode darnos pé para pensar a quen dedicaríamos nós unha obra.
- Na introdución o autor fala do que pensa respecto á narración oral e ao medo. Lerémola detidamente e subliñaremos aquelas ideas que máis nos gustaron.

«O espello do viaxeiro»

- Gocemos do relato. Se é posible, que alguén nolo lea en voz alta para descubrir todo o que ten de texto oral. Mentres lemos, observemos a construción das frases, a maneira de contar, tan propia de nós, e deixémonos sorprenden pola riqueza léxica.
- Contestemos: Cal é a razón do título deste relato? En que persoa está contado? En que tempo histórico situarías esta narración?
- Falemos dos interrogantes que xorden ao longo da lectura: Como podían ser iguais? Por que parece non darse conta do parecido? Por que lle queima a pálpebra? Que fará el se non sabe o oficio de ferreiro nin de curador?
- Observemos a maneira de saudarse e pensemos noutras fórmulas e o seu significado.
- Pensemos en como pasar esta obra a un guión de cine.
- Escribamos un texto a partir da última frase deste: «¡Cometera un crime e comezaba agora a condena: a de ter que vivir a vida que lle tirara ao...!»

«O Fornadas»

- Observemos o comezo da historia e vexamos se ten relación coa retranca ou con que.
- Recollemos aqueles aspectos nos cales se detén o narrador para explicar a maldade da vella na primeira parte do relato.
- «...das máis malas persoas que se puideron coñecer no mundo quitados os que mataron a Noso Señor». Vexamos outras comparacións así de orixinais.
- No relato diferénciase entre a maldade das persoas vulgares e a das meigas. Falemos de personaxes ruíns reais ou fantásticos.
- Os alcumes: o Fornadas antes era o Teixo. Lembremos sobrenomes, apodos, nomes de casas...
- Nos versiños que lles fan para contar o sucedido podemos ver relación cos romances ou os cantares de cego. Busquemos algunhas mostras desta literatura popular.
- A peor das vinganzas debe ser esa, ser un co inimigo. Observemos os puntos de coincidencia desta narración coa anterior.
- «...e aquí morrería o conto se non fose todo canto veu despois.» Pode ser o comezo do texto que escribamos.

- Pensemos en vinganzas que coñezamos e naqueloutras que nos conten os maiores. Logo redactaremos un texto contándoas todas elas.
- Poderíamos pensar que o que lle pasou ao Forcadas ao final dos seus días foi só psicolóxico? Poderíamos supoñer que o que el sentía coma se lle comese as vísceras era un cancro? Fixeron eles ben querendo darlle unha lección? Ao saírse da legalidade tomando a lei pola súa man, non se puxeron en disposición de que se lles saíse das mans como lles pasou?

«A loba»

- Observemos as fórmulas de saúdo que aparecen neste relato. Vexamos en que coincidirá co primeiro («O espello do viaxeiro») e se atopamos algunha coincidencia co segundo («O Fornadas»).
- Este conto podería situarse dentro da tradición dos contos de lobos e dos homes ou mulleres lobas. Busquemos algún outro e leámolo.
- Recollemos os nomes de lugares que aparecen referenciados no relato e situémoslos nun mapa.
- Determinadas palabras como *godallo*, *tullas*, *alustre*... poden resultarnos de difícil comprensión. Anticipemos o seu significado polo contexto e intercambiémolo cos demais para ver se coincidimos en cal é o léxico menos doado e o significado que lle adxudicamos.
- Expliquemos: «...non deixou honra sen luxar nin prato ao que non fora lamber aínda que fose no de cada día de calquera home de ben».
- Busquemos as descrições de Isaura, Luciana e Silvestre. Se nos apetece podemos debuxalos.
- Localicemos comparacións como «cabelo preto coma a noite caéndolle polos lados coma unha ferverza de ondas do mar»...
- «...Da casa quedan as paredes no medio das silvas.» É unha boa imaxe de ruína e abandono. Podemos debuxala. Tamén podemos pensar nalgunha casa que coñezamos nese estado e escribir a súa historia.
- «...a eles tamén llelo tiñan contado os vellos tal e como aquela muller llo contou a el e como el mo contou a min.» Os contos van de boca en boca ou de boca en orella. Lembra de algún conto que teña chegado a vós desa maneira.


«O cumpremortes»

- Contestemos: Quen é ela? Terá algo que ver coa morte?
- Debate acerca da bondade ou non de saber por adiantado o día da morte.
- Observar en que punto do relato atopamos ese toque de humor que caracteriza o autor e que fai que a narración pase dun rexistro do extraordinario ao cotián.

- Realicemos composicións argumentando o dereito dos homes e mulleres a cambiar o seu destino facéndose donos da súa vida.
- Escribamos relatos sobre como escaparlle á morte.
- Imaxinemos un mundo do revés, no que en vez de coñecer o día en que nacemos saibamos cal é aquel en que imos morrer. Describámolo.
- Localicemos o relato de Alejo Carpentier «El viaje a la semilla» e leámolo, facéndonos conscientes dese viaxe cara atrás, da morte ao nacemento.

DESPOIS DA LECTURA:

- - Busquemos os puntos de coincidencia entre os catro relatos.
 - Observemos o comezo dos contos e o final e opinemos acerca da construción destes.
 - Enmarquemos estes contos dentro do xénero que consideremos: misterio, terror, paranormal, realismo máxico, extraordinario... argumentando a decisión.
 - Volvamos ao título. Que pasa cando chaman á porta pola noite?
 - Comecemos un relato con ese título: «Cando chaman á porta pola noite».
 - Escribamos outros títulos que comecen «Cando...» Pode ser: «Cando os animais falaban...»; pode ser «Cando me miras...» Que tipos de texto terá cada un deles? Probemos a escribilos.
 - Cada un dos lectores e lectoras elixirá o relato que máis lle gustou e defenderao diante dos demais.
 - Probemos a contar estes contos, pasalos a cómic, ilustralos cunha foto (ou colaxe).
- - escoitémoslle contos a alguén que saiba contar e lle guste. Recollámolos formando coleccións.
 - Opinemos sobre o libro.
 - Escribámoslle ao autor compartindo con el algún relato que teñamos escoitado.
 - Leamos outros libros de Docampo.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 406-2005